

# **1.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

## **ÁREA DE LINGUA (GALEGO E CASTELÁN)**

### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR**

- Expón as ideas cunha linguaxe clara, coherente e fluída. Resume oralmente textos lidos previamente

### **BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER**

- Le e comprende, extraendo as ideas principais e secundarias, diferentes tipos de textos: literario, argumentativo, informativo, explicativo, especificativo.

### **BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR**

- Aplica as normas de acentuación: tilde en monosílabos, ditongos e hiatos. Aplica as normas de ortografía: uso de b, v, h, j, x.
- Produce textos escritos cun mínimo de doce liñas.

### **BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA**

- Recoñece os adxectivos e o seu grao. Recoñece as preposicións e as conxuncións.
- Recoñe as unidades morfolóxicas de xénero, número, tempo, modo, persoa nos verbos e clasifica formas verbais.
- Identifica suxeito, predicado e complementos nunha oración (CD, CI, CC).

### **BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA**

- Produce textos literarios de distintos xéneros: narrativa, poesía, teatro. Recita e memoriza poemas entoando correctamente.

## **ÁREA DE MATEMÁTICAS**

### **BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS**

- Resolve problemas de varias operacións con números decimais, fraccionarios e enteiros. Identifica e representa datos en gráficos.
- Inventa problemas cuns datos determinados.

### **BLOQUE 2. NÚMEROS**

- Le, escribe e descompón números ata nove cifras. Calcula operación combinadas con e sen paréntese. Le, escribe e calcula potencias.
- Calcula raíces cadradas.
- Recoñece números primos e compostos.
- Calcula o m.c.d. e o m.c.m.
- Suma, resta, multiplica e divide fraccións con igual e distinto denominador. Calcula escalas numéricas en planos y mapas.

### **BLOQUE 3. GEOMETRÍA**

- Recoñece, mide e traza ángulos de forma precisa.
- Calcula as áreas de triángulos, paralelogramos, polígonos regulares e círculos.

### **BLOQUE 4. MEDIDAS**

- Fai cambios de unidades de lonxitude, capacidade, masa e de superficie. Resolve problemas con unidades de lonxitude, capacidade, masa e superficie.

### **BLOQUE 5. ESTADÍSTICA Y PROBABILIDADE**

- Calcula a media dun conxunto de datos.
- Resolve problemas identificando datos nunha táboa. Resolve problemas de porcentaxes.

## **ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS**

- Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a

comunicación.

- Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.
- Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.
- Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
- Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan
- Localiza nun mapa o relevo de España e Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.
- Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.
- Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.
- Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.
- Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.
- Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.
- Explica as características da Idade Moderna e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (Monarquía dos Austrias, s. XVI-XVII. Os Borbóns, s. XVIII).
- Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.
- Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.
- Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e reconece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado.
- Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.

## ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

- Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
- Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
- Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.
- Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais.
- Identifica as características e clasifica os seres vivos:
  - Reino animal.
  - Reino das plantas.
  - Reino dos fungos.
  - Outros reinos.
- Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.
- Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.
- Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.
- Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.
- Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.
- Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.
- Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.

- Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.
- Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.
- Identifica os elementos dun circuíto eléctrico.
- Observa e identifica as principais características dos imáns.
- Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.

### **ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EXPRESIÓN PLÁSTICA)**

- Identifica e aplica a luz como elemento expresivo.
- Valora a forma, a cor e a textura como elementos na expresión visual.
- Utiliza adecuadamente o compás, o escuadro, o cartabón, o transportador de ángulos.
- Realiza trazados, simetrías, figuras planas.
- Representa debuxos sinxelos en perspectiva.
- Identifica as características gráficas das imaxes abstractas e figurativas..

## 7.- Procedementos e instrumentos de avaliación. Mínimos para a promoción

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos nas avaliacións continua e final das disciplinas serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran na programación de 6º nivel.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

<b>Tipo</b>	<b>Inicial</b> nun primeiro momento.
	<b>Formativa</b> ao longo do 6º curso, cunha constante revisión dos procesos de docencia e discencia.
	<b>Sumativa</b> para os diferentes logros de cada competencia, e para a consecución dos obxectivos de nivel
<b>Procedementos</b>	Observación sistemática do progreso do alumnado. Conversas sobre os aspectos difíciles de observar en coordinación co profesorado que incide no alumnado. Corrección de exercicios e tarefas escritas, orais, individuais e/ou colectivas. Rúbricas de avaliación
<b>Instrumentos</b>	Fichas individuais nas que se recolla e valora a aprendizaxe do alumnado. Fichas de control que reflectan os obxectivos que se van acadando.

	<p>Todas as tarefas que realizan os alumnos.</p>
<p><b>Mínimos para a Promoción</b></p>	<p>O alumno ou a alumna accederá á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan á etapa de primaria , e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.</p> <p>En relación co anterior, as referencias que permitirán valorar o nivel de adquisición das competencias por parte dos alumnos quedan establecidas, segundo esta proposta curricular, polos seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Criterios de avaliación curriculares.</li> <li>· Estándares de aprendizaxe avaliáveis.</li> <li>· Indicadores de logro.</li> <li>· Sistema de rúbricas de aprendizaxe.</li> </ul> <p>O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.</p> <p>Ademais, o nivel establece os 3 seguintes Criterios de Promoción</p> <p>O Alumno non promocionará se non acada os mínimos en:</p> <p><b>1º- As Dúas Linguas Oficiais</b></p> <p><b>2º- Matemáticas e unha Lingua Oficial</b></p> <p><b>3º- Tres ÁREAS</b></p>

## 8.- Criterios de cualificación

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumno/a de 6º nivel, a través de todas as actividades que leve a cabo:

- Cualificación cuantitativa: nas probas de avaliación de contidos, cada actividade cualificarase con 1 punto se se resolveu correctamente. No caso de que a resolución non sexa errónea, pero sexa incompleta ou falte algún elemento esencial, pódese valorar con menos puntuación (de 0,1 a 0,9) puntos. Así, a cualificación máxima da proba será de 10 puntos
- Cualificación cualitativa: terá como clave para o diagnóstico o sistema de rúbricas e levarase a cabo mediante as probas de avaliación p or competencias e a observación directa do traballo. Diariamente realizaranse tarefas individuais e grupais relacionadas con cada área que deberán realizar mantendo uns parámetros mínimos de dedicación, esforzo e rigor. Ademais terase en conta o interese cara ás diferentes áreas, a actitude manifestada e o respecto amosado cara aos distintos elementos (persoais e materiais) que configuran a programación.

Os **criterios de cualificación** para os alumnos do 6º nivel son os seguintes:

• ÁREAS:Lingua castelán, lingua galega, matemáticas, ciencias naturais e ciencias sociais	• Porcentaxe
Comprensión de conceptos e grao de adquisición das competencias básicas a través de probas orais e escritas	50,00%
Constancia no traballo	10,00%
Interese por saber	10,00%
Presentación dos traballos limpos e ordenados	10,00%
Colaboración cos compañeiros e respecto ás normas	10,00%
Atención, participación e provisión de material	10,00%

ÁREA	Traballos de aula, participación	Interese e actitude	Constancia no traballo
Plástica e Valores cívicos e sociais	50%	30%	20%

A cualificación global de cada área obterase da media ponderada dos aspectos subliñados.



